



páxina ofrece información biográfica e bibliográfica sobre os autores e inclúe comentarios descriptivos de cada unha das pezas. O enderezo é www.coleccioncaixanova.com ♦

■ Literatura no Salnés

Os días 2, 4, 10, 11 e 12 de Novembro celébranse no Salnés as II Xornadas de Literatura do Salnés. Son a continuación das que se fixeron o pasado ano en memoria de Ramón Cabanillas, con motivo do seu corenta cabodano, e este ano vanse centrar, ademais, nos rianxeiros Manuel Antón e Castelao. O Xoves 2 de Novembro inaugúrase no auditorio do Concello de Cambados, coa participación do escritor Emilio Insua, a exposición *Castelao no Salnés*. O Sábado 4 ás doce apréséntanse as actas das xornadas sobre Cabanillas, un acto que incluírá un recital poético a cargo do grupo poético *Sete Naos*. O Venres 10 comeza o programa da segunda edición das xornadas nas que participarán Avelino Pousa Antelo coa ponencia *Castelao e Cabanillas: historia dunha amizade*, Manuel Forcadela que falará de *Celtismo e saudade*, Xulio Ríos da *Actualidade de Plácido Castro*, X. Ramón Pena sobre *O soño dunha noite estrelecida*, Xosé Luis Axeitos de *Manuel Antón e o Mar de Arousa* e Antón Santamarina que pechará o certame falando da lingua de Cabanillas. Tamén se presentará o libro de Dionísio Pereira *O patrimonio marítimo de Galicia* e Ollomoltravia representará o Domingo 12 ás oito da tarde *Ni Naque*. ♦

■ Homenaxe a Novoneyra no Courel

O Mércores 4 de Novembro celébrase en Seoane do Courel a VI edición da homenaxe *O escritor na súa terra* que organiza a Asociación de Escritores en Língua Galega e que nesta ocasión estivo adicada a Uxío Novoneyra. A Asociación inaugurou unha rúa co nome do poeta e un monumento pétreo na súa lembranza. Os asistentes plantaron un Carnabudo (*Árbore de Poeta*), asistiron á entrega que se lle fixo a Elba Rei, viúva de Novoneyra, da *Letra E*, que é unha obra escultórica do artista Moncho Amigo -máximo galardón que entrega a asociación- e participaron nun xantar de confraternidade. ♦

■ Premio Lobo de Cinema

O cineclub chantadino Os Papeiros ven de convocar o Premio Lobo de Cinema aos mellores traballos audiovisuais sobre medio ambiente nas modalidades de documental, ficción e televisivo. Este ano o certame vai dirixido tamén ao país veciño, Portugal, e inclúe un incentivo económico de 100.000 pesetas a repartir entre os tres gañadores. Os traballos deberán ser presentados en 35 mm, 16 mm ou calquer tipo de vídeo, cunha duración máxima de 30 minutos e a convocatoria péchase o 21 de Decembro. ♦



■ Colección de Arte Caixanova en internet

Xa se poden ver na rede as máis de 1200 obras correspondentes á colección de arte Caixanova. A

■ Derrubo das fábricas de salgazón en Sanxenxo

A Comisión Provincial do Patrimonio de Pontevedra non puxo ningún reparo á demolición no espazo portuario de Sanxenxo das antigas fábricas de salgazón ali situadas. O seu lugar será ocupado por unha praza pública con cargo á Consellaría de Xosé Cuiña. Os edificios formaban parte da paisaxe urbana e costeira de Sanxenxo desde finais do século XVIII e eran testemuño da colonización comercial da Ría de Pontevedra por parte dos pioneiros cataláns. No seu devir industrial as construcións tamén formaron parte da nosa historia social e económica no campo da conserva. ♦

■ Magosto en Trintxerpe

Cunha misa en galego, na parroquia da Virxe do Carme, comeza o Xoves 16 de Novembro ás sete e media do serán, a programación do Magosto que organiza cada ano o Fato Cultu-

ral Galego Daniel Castelao en Trintxerpe. O Venres 17 á mesma hora no Instituto Marítimo Pesqueiro Pasaia, Xosé Estévez, profesor da Universidade de Deusto dará a conferencia *Memorias dun neno uilego* e o Sábado 18 ás seis, no frontón de Trintxerpe, celébrase o magosto popular con castañas (gratis), ribeiro, polbo e outros produtos do país a prezos populares. Os actos rematan o Domingo a unha do mediodía, na Torre de San Pedro, cunha homenaxe aos marfeiros mortos no mar. ♦

■ O Brasil 500 anos despois

A Universidade de Santiago e a Cátedra UNESCO de Estudos Luso-Brasileiros, da Embaixada do Brasil están a organizar o *Simpósio Brasil: 500 anos despois*, que se vai celebrar entre os días 6 e 10 de Novembro. O seu obxectivo é o de constituir un forum sobre o Brasil desde o punto de vista histórico e desde a perspectiva contemporánea, no ámbito das reflexións suscitadas co gallo dos cincocentos anos do primeiro encontro entre brasileiros e os povos europeos e as súas consecuencias para a formación da nación brasileira. Participarán especialistas brasileiros, portugueses e galegos en áreas tan diversas como a economía, a cultura, o medio ambiente ou a educación, entre outros aspectos. ♦

Antonio Durán Morris no papel de Calígula.



Fiz Vergara Vilarinho.

X. MARA

■ Setenta traballos optan ao premio Fiz Vergara Vilarinho

O dous de Decembro darase a coñecer o nome do gañador do premio de poesía Fiz Vergara Vilarinho que organizan o Concello de Sárria e a agrupación cultural *Ergueitos*. Nesta primeira edición apréséntanse setenta traballos e a entrega do premio en metálico, ademais da peza orixinal que realiza o escultor Caxigueiro, farase durante a cea homenaxe ao escritor que se vai celebrar o 21 de Decembro. ♦

■ O CDG estrea Calígula

O 1 de Novembro o Centro Dramático Galego estreou, no Salón Teatro de Compostela, *Calígula* de Albert Camus, baixo a dirección escénica de Manuel Guede Oliva. Représéntase até o 10 de Decembro e o horario das funcións, que protagonizan, entre outros, Antonio Durán (Morris) no papel de Calígula e Elina Suaces no de Cesónia son os Mércores e os Xoves ás cinco da tarde, os Venres e Sábados ás oito e os Domingos ás cinco. ♦

■ Xornadas de arte e erotismo

O erotismo na arte vai ser o protagonista dunhas xornadas que organiza o Museo de Belas Artes da Coruña durante os días 15, 16 e 17 de Novembro para reflexionar sobre os modelos eróticos establecidos en diferentes etapas históricas e sobre os límites reais entre o erotismo e a pornografía, entre sensualidade e obscenidade, a arte contemplativa e a arte como provocación. Ademais das ponencias de expertos internacionais, participan nas conferencias Erika Bor-

nay, profesora de Historia da Arte na Universidade da Coruña que falará sobre as mulleres da Biblia na pintura e Xosé Manuel Buxán Buxán profesor de escultura na de Vigo que presentará un estudo de certas representacións homoeóticas do santoral. Tamén estarán Carmen Blanco, escritora e profesora de Literatura na Universidade de Santiago, que falará dos nós integrais de Isaac Díaz Pardo e a autora Olga Novo que elaborou a ponencia *A escola su-*

■ Demandan protección para o río Soldón no Courel

Ao redor de vinte asociacións ecoloxistas, colectivos etnográficos e agrupacións de historia de todo o país demandan da Xunta que evite a creación de novas canteiras na zona do río Soldón en Quiroga, que conta no seu cauce con máis de vinte fervenzas. O impulsor da iniciativa é Antón Neira autor dunha guía sobre o Courel solicita a declaración da serra como parque natural para garantir a súa protección e propónlle á Administración alternativas ás explotacións mineiras como, por exemplo, proxectos de promoción integral de produtos da zona. ♦

■ Supermercado de Arte

Once cidades do Estado e a capital europea Milano acollén durante os meses de Novembro, Decembro e Xaneiro unha nova edición do *Supermercado de Arte*. O evento ten como obxectivo promocionar a arte contemporánea e fomentar o coleccionismo e na Galiza vai celebrarse en Vigo e A Coruña. As obras custan entre 12.990 e 30.990 pesetas e cada artista expón unha obra co seu curriculum e pon á venda tres cestas que conteñen os seus traballos ordenados por tamaños e prezos. Nesta decimoquinta edición participan 400 artistas cun total de 30.000 orixinais, 75 cada un. ♦



realista: leccións do libro. Outros dos temas sobre os que se disertará son o erotismo e a fotografía, as interpretacións da iconografía erótica sexual no románico, erótica e censura na Corte dos Borbóns, imaxes eróticas na pintura simbolista española, a iconografía do erótico no mundo grego, as perversións do mundo antigo no erotismo e na arte contemporánea e as relacións entre arte, sedución e desexo nos anos noventa. ♦